



## NOTIFICACIÓN

*Polo presente poño no seu coñecemento que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 20/12/2021, co quórum regulamentario, adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe:*

**6.k)Inicio expediente para a convocatoria de subvencións en concorrencia para o ano 2021, segundo as bases reguladoras que figuran como anexo das de execución do orzamento 2021, para a financiación de investimentos, dirixidas a entidades sen fins de lucro (Expdte. TEdC 2021/A002/000006).**- A Xunta de Goberno coñece da proposta da Alcaldía, que seguidamente se transcribe:

“Iniciada a convocatoria para poder solicitar subvencións municipais que financien actividades de promoción da cultura e do deporte, plantexouse un ano máis a posibilidade de que este tipo de entidades poidan realizar tamén investimentos que dalgún xeito contribúan a mellorar a xestión da entidade ou o seu funcionamento. Así, poderían, tamén no exercicio actual, mellorar as súas infraestruturas ou dotarse de equipamento que lles permita contribuír a acadar os obxectivos para os cales foron creadas, e ao tempo que tales infraestruturas se poidan adaptar á nova realidade de restricións, controis de aforo e limitacións xurdidas como consecuencia da COVID-19.

A día de hoxe, e tras a publicación no BOP nº 240 de 20.12.2021 da aprobación definitiva, tanto da modificación de crédito que vai permitir contar con dotación crediticia para afrontar este gasto, como das bases reguladoras que haberá que seguir para tramitar esta liña de axudas, ; fíxose necesario que, en cumprimento do disposto nas bases de execución do orzamento, os servizos económicos emitiran un informe en canto ao crédito de que se podía dispoñer para iniciar, canto antes, a convocatoria destas subvencións.

Tendo en conta o informe sobre a dispoñibilidade de crédito existente nas partidas correspondentes emitido pola intervención municipal, esta Alcaldía, en uso das atribucións que ten conferidas, e de acordo co contido das Bases reguladoras deste concello a aplicar para este expediente, considerou que podía levarse a cabo a seguinte convocatoria:

Subvención	Denominación	<b>Subvención municipais para investimentos a entidades sen fin de lucro (actividades culturais e deportivas)</b>
	Crédito dispoñible	<b>6.000,00€ (cultura); 4.000,00€ (entidades deportivas)</b>
	Partida de imputación	<b>334 780.00; 341 780.00</b>

Tendo en conta que nas bases de execución do orzamento establécese que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase de oficio mediante acordo de aprobación da convocatoria e do gasto, adoptado pola Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da existencia de crédito adecuado e suficiente pola Intervención, ordenando o inicio dos trámites do procedemento de concesión.

Considerando o disposto no informe emitido pola intervención municipal,

E dado que actualmente no orzamento en vigor, no que nos anexos ás bases de execución figuran, entre outros, as bases reguladoras das subvencións ou axudas que seguidamente se relacionan,

E tendo en conta a necesidade de publicar a convocatoria na BDNS, xa que do contrario podería darse lugar á anulabilidade da propia convocatoria,

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Que se aprobe o inicio da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades para realizar investimentos, e que se inclúen no cadro seguinte, considerando tamén os importes propostos, ordenando así a publicación das convocatorias e bases reguladoras correspondentes as seguintes subvencións municipais:



- a) BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS A ENTIDADES SEN FIN DE LUCRO (anexo das Bases de Execución do orzamento), de acordo co seguinte detalle:

Subvención	Denominación	<b>Subvención municipais para investimentos a entidades sen fin de lucro (actividades culturais e deportivas)</b>
	Crédito dispoñible	<b>6.000,00€ (cultura); 4.000,00€ (entidades deportivas)</b>
	Partida de imputación	<b>334 780.00; 341 780.00</b>

2.- Que se remitan á BDNS os datos necesarios para que se leve tamén a cabo a publicidade desta convocatoria na dita base de datos, a fin de que se así se poida iniciar a tramitación deste procedemento coa presentación das solicitudes por parte das entidades interesadas, en relación ás subvencións mencionadas anteriormente. Unha vez a BDNS remita esta convocatoria ao boletín correspondente (neste caso ao BOP da provincia da Coruña) e o BOP publique a mesma, comezará a contar o prazo previsto nas bases para a presentación de solicitudes, e que é de vinte días naturais contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no BOP.

3.- Que se leve tamén a cabo a publicación do anuncio desta convocatoria na páxina web do concello, unha vez sexa publicado no BOP, a fin de darlle máis difusión a esta convocatoria.

4.- Que se siga o procedemento previsto nas bases reguladoras da concesión de subvencións en concorrencia, e que figuran no anexo Idas Bases de Execución do Orzamento 2021, xa actualmente en vigor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda aprobar a anterior proposta, quedando convertida en acordo nos termos nos que se deixa transcrita.

*Neda, na data que se indica na sinatura dixital.*

*O Secretario Xeral,*

*Asdo.: Alejandro R. Antelo Martínez.*

**Servizos económicos do Concello.  
Neda.**